



002590 17.03.2015 08:42

Ante as dúbidas xurdidas na interpretación das normas que regulan o acceso e admisión de alumnos aos estudos universitarios oficiais de grao, e en concreto respecto ao contido e vixencia do Acordo do Consello de Goberno de 23 de abril de 2014 sobre *Implantación do Sistema de Admisión Adicional para o Acceso ao Sistema Universitario de Galicia dos Estudantes de Títulos Superiores de Formación Profesional e dos Estudantes Procedentes de Outros Sistemas Educativos*, estímase conveniente ditar a seguinte instrución para a aplicación das mesmas como criterio único e uniforme.

E por isto que esta Reitoría, dita a seguinte:

RESOLUCIÓN:

ÚNICO.- No período establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño, respecto aos colectivos que se especifican aplicaranse as normas recollidas nesta resolución para o acceso e admisión nas titulacións universitarias oficiais de Grao.

Acceso aos Estudos oficiais de Grao

- 1.- PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE.-** As Probas de Acceso á Universidade son obrigatorias para o inicio en calquera titulación de Grao unicamente para os alumnos cuxo título de acceso sexa o Bacharelato Español durante o período transitorio que fixa o Real Decreto 412/2014, ata os procedementos de admisión para iniciar estudos no curso 2017/2018.
- 2.- ACREDITACIÓN DE TÍTULO OU DIPLOMAS.-** Os alumnos con estudos doutros sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior, e outros asimilados a estes, poden iniciar estudos en calquera titulación de grao mediante a acreditación de acceso oficial do seu título ou diploma. Os alumnos incluídos neste apartado relaciónanse no Anexo (A).
- 3.- HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS OU DIPLOMAS.-** Alumnos con estudos de acceso de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior, e os a asimilados a estes e incluídos no Anexo (B), que desexen iniciar estudos oficiais de Grao deberán solicitar a homologación dos seus estudos polos equivalentes españois que dan acceso á Universidade (bacharelato, técnico superior de formación profesional, etc.). A credencial de homologación é título suficiente para acceder aos estudos de grao.

Admisión nunha titulación de Grao

4.- Nos estudos oficiais de grao nos que a demanda sexa superior á oferta as solicitudes dos alumnos indicados nos apartados 1, 2 e 3 (cota xeral) ordénanse en función da cualificación obtida nos estudos cursados (PAU, Bacharelato, etc.). Por iso, os alumnos que acrediten calquera dos títulos e estudos de acceso que se relacionan nos apartados 1, 2 e 3, poderán se o desexan realizar a Fase Específica das PAU para que a cualificación obtida nelas sexa tida en conta nos procedementos de admisión a calquera titulación.

Dado que case todos estudos de grao do Sistema Universitario de Galicia están sometidos a limitación de prazas é recomendable, realizar a fase específica das Probas españolas de Acceso á Universidade con obxecto de aumentar as posibilidades de ingresar se existe competencia para a adxudicación destas.

5.- Conforme ao disposto no artigo 4º do Real decreto 412/2014, en todos aqueles supostos nos que se esixa a homologación de calquera título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros para o acceso á universidade, admitirase as solicitudes de praza e a matrícula que no seu caso proceda con carácter **condicional** aos estudantes que acrediten presentar a correspondente solicitude da homologación mentres se resolve o procedemento para a dita homologación.

En Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2015

O REITOR,



Juan Viaño Rey

<p style="text-align: center;">Anexo (A) Alumnos incluídos no punto 2 da Resolución</p>	<p style="text-align: center;">Anexo (B) Alumnos incluídos no punto 3 da Resolución</p>
<ul style="list-style-type: none"> - Estudantes en posesión do título de Bacharelato Europeo ou do diploma de Bacharelato internacional - Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos de Bacharelato ou Bacharel procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados cos que se subscribiron acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade. - Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos, diferentes dos equivalentes aos títulos de Bacharel, Técnico Superior de Formación Profesional, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, ou de Técnico Deportivo Superior do Sistema Educativo Español, obtidos ou realizados nun Estado membro da Unión Europea ou noutros Estados cos que se subscribiron acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade, cando devanditos estudantes cumpran os requisitos académicos esixidos en devandito Estado membro para acceder ás súas Universidades. 	<ul style="list-style-type: none"> - Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharel do Sistema Educativo Español, ao de Técnico Superior de de Formación Profesional, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, o de Técnico Deportivo Superior do Sistema Educativo Español obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se subscribiron acordos internacionais para o recoñecemento do título en réxime de reciprocidade.
<p>As referencias á nacionalidade refírense única e exclusivamente ao sistema educativo polo que se cursa e obtén o título de acceso, non á nacionalidade dos alumnos.</p>	